



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
XGL/2017/35	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	31 de xullo de 2017
<b>Duración</b>	Desde as 20:05 ata as 21:05 horas
<b>Lugar</b>	SALA DE SESIÓNS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	NON
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día



**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 24 de xullo de 2017**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 24 de xullo de 2017.

**Expediente 4997/2017. Cambio de pasaxe permanente**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude da Comunidade Propietarios "Vista Alegre Garaje", de renovación de sinal de pasaxe permanente con licenza nº 0372 por estar deteriorada, indícase que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

**Expediente 4998/2017. Solicitude sinalización**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de sinal "Rúa sen saída" en rúa Rapadouro, presentada por M. L.A. J., indícase de que non existe inconveniente en acceder ao solicitado.

**Expediente 5002/2017. Solicitude instalación de espello**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude realizada por "Comunidades Morrazo", en representación da Comunidade de Propietarios "ATHENAS", para a instalación dun espello en rúa Alcalde Pancho Eiroa, nº 5, infórmase de que non procede a instalación dun espello por parte do Concello por tratarse da saída dun inmovible privado.

Asemade, non se observa perigosidade concreta e a configuración da vía posibilita a colocación do vehículo de tal forma que a visibilidade se ve acrecentada.

Non existe inconveniente en que sexa a comunidade de propietarios a que merque o espello e solicite permiso ao concello para instalalo na vía pública nun lugar que non dificulte o paso de vehículos e peóns.



<b>Expediente 3689/2017. Licenza urbanística de obras maiores</b>		
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b>	
	Unanimidade/Asentimento	
<p>EXPEDIENTE N° 3.689/17.- Conceder a J. M. B. M. e L. B. C., con enderezo na rúa Andalucía, nº 3-5°C-Cangas, para na Rosada-Coiro, a prórroga da licenza solicitada co número 23.882, por un período de trinta e seis meses de conformidade co previsto no artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, ao tempo que se autoriza a modificación da licenza outorgada de conformidade co proxecto básico e de execución modificado visado o 5 de xuño de 2017 elaborado polo arquitecto Gumersindo Vázquez Gómez.</p>		

<b>Expediente 4526/2017. Licenza de primeira ocupación</b>		
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b>	
	Unanimidade/Asentimento	
<p>EXPEDIENTE N° 24.596 (4.526/17).- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR JESÚS PORTAS MENDUÍÑA</p> <p>Visto o informe-comprobación emitido ao respecto polo arquitecto municipal con data 24 de xullo de 2017 e o informe proposta da xefa do servizo de urbanismo de data 26 de xullo de 2017, proponse outorgar LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a J. P. M.a, con enderezo en Pinténs, nº 92-O Hío, para 4 apartamentos turísticos, sitios en Uchas-Vilanova-O Hío, construídos ao abeiro da licenza municipal N° 23.506.</p>		

<b>Expediente 4125/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>		
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b>	
	Unanimidade/Asentimento	
<p>EXPEDIENTE N° 4.125/17- Dase conta da comunicación previa presentada por E. B. M., para renovación do local de estética de 50,00 m<sup>2</sup>., sito en rúa Retrama, nº 3-Cangas, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil seiscentos oitenta euros con cincuenta céntimos (3.680,50 €).</p>		

<b>Expediente 4181/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>		
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b>	
	Unanimidade/Asentimento	
<p>EXPEDIENTE N° 4181/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "FOTOS MORRAZO SL", con enderezo a efectos de notificacións en Aldea de Arriba, nº 2-baixo, para acondicionamento de local dedicado a lavandería autoservizo sito en Aldea de Arriba, nº 1-baixo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos vinte e cinco euros con cincuenta céntimos (2.425,50 €).</p> <p>Unha vez rematadas as obras deberán presentar certificado final de obra e comunicación previa de inicio</p>		



Concello de Cangas

de actividade.

**Expediente 3320/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3220/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "TELXIUS TORRES ESPAÑA SLU", con enderezo a efectos de notificacións en Rúa A Cerca, nº 18-1º-A Coruña, titular para construción de infraestrutura para servizos de telecomunicacións, compartimentación con novo tabique de recinto, acometidas eléctricas e de fibra óptica, instalación de cadro eléctrico, equipo de forza e extractor e instalación de bancada simplemente apoiada, na Avda. de Galicia, nº 15-esquina con rúa San Xosé, nº 70-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil novecentos corenta euros con trece céntimos (3.940,13 €).

**Expediente 4755/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4.755/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por "ARDORA CB", para acondicionamento de baixo comercial de hostelería nunha superficie de 73,00 m2., sito en rúa Pablo Iglesias, nº 20-Cangas, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Luis Jorge Blanco García de data 7 de xullo de 2017. O presuposto de execución das obras ascende a catorce mil douscentos sesenta e un euros con noventa e tres céntimos (14.261,93 €).

Unha vez rematadas as obras deberá presentar certificado final de obra e comunicación previa de inicio de actividade.

**Expediente 3727/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3.727/17.- Dase conta da comunicación previa presentada por S. S. P., para cambio de cuberta en garaxe, no lugar da Rocha, nº 14-San Pedro-Darbo, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a mil catrocentos setenta euros con oitenta e cinco céntimos (1.470,85 €).

Acéptaselle a renuncia presentada o 20 de xullo de 2017 para a instalación dunha pérgola.

**Expediente 3324/2017. Comunicación previa en materia urbanística**

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 3324/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "TELEFONICA MOVILES ESPAÑA SAU", con enderezo a efectos de notificacións en rúa A Cerca, n° 18-1°-A Coruña, para instalación de estación base de telefonía móbil consistente en equipos de radio, bancada autosoportada e antena de radio mimetizada ademais dos cableados necesarios para o seu funcionamento en edificio sito na Avda. Galicia, n° 15-esquina rúa San Xosé, n° 70, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dous mil catrocentos oitenta e cinco euros con cincuenta e un céntimos (2.485,51 €).</p>	

<b>Expediente 4620/2017. Comunicación previa en materia urbanística</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 4620/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por D. D. F., con enderezo a efectos de notificacións en Eirado do Señal, n° 14-Cangas para a realización de obras consistentes en adaptación de aseo de uso público en almacén do local, polígono 80936, parcela 02, sito en Eirado do Señal, n° 14-baixo, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil setenta e tres euros con sete céntimos (1.073,07 €).</p>	

<b>Expediente 2439/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>EXPEDIENTE N° 2439/2017.- Dase conta da comunicación previa de actividade presentada por M. C. G., con enderezo a efectos de notificacións en Rúa Sol, n° 7-baixo, para cambio de titularidade de comercio polo miúdo de produtos de perfumería e cosmética no local sito en rúa Sol, n° 7, que ata a data rexentaba "Fotos Morrazo SL".</p>	

<b>Expediente 4195/2017. C-17/12. Proposta da Alcaldía s/inicio de expediente da obra "Nova capa de rodadura en vieiros municipais"</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a proposta da concelleira de Obras e Servizos de data 24.07.2017, cuxo tenor literal é o seguinte:</p> <p><i>"Por esta concellería detectouse un estado deficiente en diferentes viarios municipais debido a un elevado grao de desgaste do pavimento, así como acumulación de auga que</i></p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



*provocan fochancas e afundimento deste cos conseguintes problemas de paso e accesibilidade. Co fin de solucionar este problema, pola oficina técnica municipal redactouse o documento técnico para a execución da obra "Nova capa de rodadura en vías municipais", coa que se pretende solucionar os problemas de acceso, paso e seguridade nos viarios municipais afectados.*

*Este documento técnico foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do día 08.05.2017.*

*A execución desta obra ascende á cantidade de douscentos vinte mil setecentos oitenta e nove euros con trinta e un céntimos (220.789,31 €), para cuxo financiamento a Deputación Provincial concedeu ao Concello unha subvención polo mesmo importe.*

*Dada a característica da obra, parece que o procedemento mais adecuado é o procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa.*

*Por todo o anterior, PROPOÑO que se realice a contratación proposta por este servizo despois de levar a cabo os trámites que se consideren oportunos."*

Visto que para a execución da dita obra pola oficina técnica municipal se redactou o correspondente documento técnico que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 08.05.2017.

Visto que pola intervención municipal se emitiu o documento contable de retención de crédito por importe de douscentos vinte mil setecentos oitenta e nove euros con trinta e un céntimos (220.789,31 €), con cargo á aplicación orzamentaria 1532/61905 (nº de asentamento 008611).

Por todo o exposto, de conformidade co establecido no artigo 109 e a Disposición adicional aegunda do TRLCSP, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:  
PRIMEIRO.- Iniciar o procedemento de contratación para a execución da obra "Nova capa de rodadura en vieiros municipais" incluída no Plan de Obras e Servizos da Deputación Provincial (Plan concellos 2017).

SEGUNDO.- Que por Secretaría se emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

TERCEIRO.- Que polo departamento de Apoio Xurídico se redacten os pregos de cláusulas administrativas particulares.

CUARTO.- Que o Interventor emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

QUINTO.- De ser favorable a fiscalización previa, que se emita informe-proposta de Secretaría ao respecto.

**Expediente 3470/2017. Intervención en situación de emerxencia social**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento



Concello de Cangas

## PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Con relación á solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por A. F. A. e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, propónse a seguinte resolución:

\* Concesión de axuda económica de novecentos dezaseis euros (916,00 €).

### **Expediente 2846/2017. C-16/05.- Proposta de modificación do contrato de servizos de telecomunicacións do Concello de Cangas.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

#### **Proposta da Alcaldía**

**Expediente nº:** C-16/15

**Asunto:** proposta de modificación do contrato de servizos de telecomunicacións do Concello de Cangas

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a iniciativa presentada pola concelleira de Transparencia e Participación Veciñal, Eva Rodríguez Calvar, sobre a dotación dunha infraestrutura WIFI corporativa e de uso público en varias sedes municipais.

Visto o contrato de servizos de telecomunicacións do Concello de Cangas asinado en data 30.12.2016, cuxo prego de cláusulas administrativas particulares (cláusula 23ª) non prevé modificación ningunha do contrato, a excepción dos supostos establecidos no artigo 107 do TRLCSP.

Visto o estudo de implantación deste servizo WIFI emitido pola adxudicataria "VODAFONE ESPAÑA SAU", en data 25.05.2017.

Visto o informe emitido en data 22.06.2017 polo técnico municipal Alfonso Sestay Martínez, no que se expón a necesidade de dotar de infraestrutura WIFI corporativa e de uso público a varias sedes municipais, que encaixa no suposto establecido no apartado d) do artigo 107 do TRLCSP, que expón a conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente.

Por todo o exposto anteriormente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Iniciar o expediente de modificación do contrato de servizos de telecomunicacións do Concello de Cangas.

**Segundo.-** Incorporar ao expediente do contrato a presente proposta, xunto cos documentos que xustifiquen, describan e valoren a modificación, de acordo co artigo 102 do Real decreto 1098/2001 e que, así mesmo, pola secretaria xeral deste Concello se emita o correspondente informe.

**Terceiro.-** Que se dea audiencia ao contratista, conforme co artigo 211.1 do TRLCSP e co artigo 102 do Real decreto 1098/2001.

**Cuarto.-** Que o interventor municipal faga a retención de crédito que acredite que existe crédito suficiente e axeitado para financiar o gasto que comporte a modificación do contrato e

**Concello de Cangas**



Concello de Cangas

que emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto, de acordo co disposto no artigo 102 do Real decreto 1098/2001.

**Quinto.-** Reaxustar a garantía presentada polo adxudicatario para que esta garde a debida proporción co novo prezo do contrato, no prazo de 15 días, contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación do contrato, conforme ao artigo 99 do TRLCSP".

**Expediente 55/2017. C-17/02. Servizo de elaboración da RPT e do Plan de ordenación dos RRHH. Proposta de exclusión de licitador (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

**Expediente nº:** C-17/02\_\_55/2017

**Contrato:** Servizo de elaboración da RPT e do Plan de ordenación dos RRHH

**Asunto:** proposta de acordo

Visto o requirimento realizado ao licitador "NUEVAS VENTAJAS SL", o día 17.07.2017, segundo o cal "deberían presentar certificados de boa execución emitidos ou visados polo órgano competente das administracións locais que adxudicaron tales servizos e no caso de que os contratos se encontrasen en execución, o certificado debía facer referencia a tal extremo informando acerca da calidade dos traballos realizados ata ese momento, fase de execución en que se atopasen, indicando se hai retrasos imputables ao contratista ou á Administración".

Analizada a documentación presentada pola empresa (entrada nº 8912 do día 27.07.2017) evidénciase que non cumpre co requirimento xa que non presentaron os certificados solicitados, polo que debe considerarse que non cumpre cos criterios de solvencia técnica e profesional esixidos para a execución do presente contrato.

Por todo o exposto, s Xunta de Goberno Local adopta o seguinte ACORDO:

**Primeiro.-** Excluir da licitación á empresa "NUEVAS VENTAJAS SL", con domicilio en rúa Legión VII, nº 4-5º-2 de León (CP 24003), por non ter acreditado a solvencia técnica e profesional requirida para a execución deste contrato, debendo notificarlle este acordo con indicación dos recursos procedentes.

**Segundo.-** Requirit ao seguinte licitador clasificado "EQUIPO HUMANO PROYECTOS EMPRESARIALES SL", para que no prazo de 10 días hábiles presente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acordo co establecido na cláusula 17ª do PCAP que rexe esta licitación.

**Terceiro.-** Dar traslado deste acordo ao departamento de Apoio Xurídico.

**Expediente 5104/2017. Inicio de expediente de contratación do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar cursos 2017 a 2019 (Urxencia).**

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a proposta urxente do concelleiro de Ensino e Deporte de 31 de xullo de 2017.</p> <p>A espera da recepción da sinatura por parte da Xunta de Galicia do convenio relativo aos comedores escolares, unha vez asinado por este Concello e remitido á Xunta de Galicia, a Xunta de Goberno Local, acorda:</p> <p>* Aprobar o inicio do expediente de contratación do “Servizo de Catering e de Persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2017/18 e 2018/19.</p>	

<b>Expediente 5103/2017. Aprobación de expediente de instalación de atraccións de feira "Festas do Cristo 2017" (Urxencia).</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
<p>Visto o disposto na proposta do concelleiro de Cultura e Normalización Lingüística de 31 de xullo de 2017.</p> <p>Visto que é necesario tramitar o procedemento de adxudicación do uso privativo do solo público destinado á instalación de atraccións de feira durante as festas patronais do Concello de Cangas do ano 2017, “Festas do Cristo 2017”, a través do procedemento de concesión administrativa por procedemento aberto.</p> <p>Visto que foi redactado o prego de cláusulas administrativas particulares que debe rexer a adxudicación da concesión por procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, cun único criterio de adxudicación.</p> <p>Advertido que o expediente non conta co preceptivo informe de Secretaría por ser presentado por vía de urxencia.</p> <p>Examinada a documentación e de conformidade co establecido no artigo 110 e na Disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, a Xunta de Goberno Local acorda:</p> <p><b>PRIMEIRO.-</b> Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, oferta economicamente mais vantaxosa, un único criterio de adxudicación, para a adxudicación da concesión administrativa de uso privativo do solo público destinado á instalación de atraccións de feira durante as festas patronais do Concello de Cangas do ano 2017, “Festas do Cristo 2017”.</p> <p><b>SEGUNDO.-</b> Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, para a adxudicación da concesión administrativa de uso privativo do solo público destinado á instalación de atraccións de feira durante as festas patronais do Concello de Cangas do ano 2017, “Festas do Cristo 2017”.</p>	



Concello de Cangas

TERCEIRO.- Publicar no perfil de contratante o anuncio de licitación, para que durante o prazo de 5 días hábiles os interesados poidan presentar as proposicións que estimen pertinentes.

**Expediente 663/2017. Aceptación de proposta de resolución provisional de concesión de subvención de Turismo de Galicia para a instalación e adecuación de casetas de aseos para a mellora na accesibilidade (Urxencia)**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta de resolución provisional de Turismo de Galicia de concesión de subvención par a instalación e adecuación de casetas de aseos para mellora na accesibilidade polo importe de catorce mil seiscientos sesenta e nove euros con setenta e catro céntimos (14.669,74 €), en vista da solicitude formulada polo Concello ao abeiro da Resolución da directora de Turismo de Galicia de 29 de decembro de 2016, pola que se aprobaron as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local acorda aceptar integramente a proposta de resolución provisional de concesión de subvención par a instalación e adecuación de casetas de aseos para mellora na accesibilidade polo importe de catorce mil seiscientos sesenta e nove euros con setenta e catro céntimos (14.669,74 €), cun orzamento total de dezanove mil cincocentos cincuenta e nove euros con sesenta e cinco céntimos (19.559,65).

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

**Dación de conta de acta da comisión de seguimento e coordinación do programa de vivendas baleiras do Plan Rehavita 2015-2020- Concello de Cangas**

Dase conta da 1ª acta da Comisión de seguimento e coordinación-Programa vivendas baleiras, correspondente á sesión de 4 de xullo, remitida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, con rexistro de entrada nº 8869 de 26 de xullo de 2017, que literalmente di:

ASISTENTES:

- **Presidente:** Heriberto García Porto (director xeral do IGVS)

- **Vogais:**

■ Estanislao Graña (director do Centro Municipal de Benestar do Concello de Cangas)- Ausente

■ Tomás Hermelo Álvarez (concelleiro de Servizos Sociais, Igualdade e Sanidade do

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas)

- Francisco Lorenzo Penela (xefe do Servizo de Actuacións Protexidas en Materia de Vivenda do IGVS)
- Andrés Iglesias López: secretario (director técnico de Fomento do IGVS)

Sendo as 11:00h. do día 04.07.2017 reúnen-se as persoas citadas á marxe para proceder, previa convocatoria para o efecto, a desenvolver unha reunión da comisión de seguimento e coordinación do citado programa, conforme á seguinte orde do día:

### **1.- Constitución da Comisión de Seguimento e Coordinación prevista na cláusula cuarta do acordo de adhesión ao Programa de vivendas baleiras**

En primeiro lugar, os comparecentes proceden a constituír a Comisión de Seguimento e Coordinación do Programa de vivendas baleiras, de conformidade có establecido na cláusula cuarta do acordo asinado o pasado día 7 de xuño de 2017 entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo (en diante, IGVS) e o Concello de Cangas.

### **2.- Análise das bases reguladoras do programa de vivendas baleiras, e de ser o caso, aprobación definitiva.**

A continuación analízanse, polo miúdo, o modelo de bases reguladoras remitidas polo IGVS ao Concello de Cangas, onde se regulamenta o procedemento de incorporación de vivendas así como os procedementos de selección dos futuros arrendatarios e de adxudicación das vivendas.

O Concello de Cangas propón modificar o artigo 10 “Colectivos prioritarios” engadindo un novo colectivo, xa que consideran oportuno favorecer o asentamento de unidades familiares de persoas xoves no seu concello, deste xeito, o artigo 10 tería un novo apartado sinalada coa letra h.

“h) Unidades familiares ou de convivencia formadas exclusivamente por mozos/mozas cunha idade comprendida entre os 18 e os 35 anos.”

De conformidade co punto segundo da cláusula cuarta do convenio de colaboración asinado o 3 de maio de 2016 entre o IGVS e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento deste programa, a proposta dos representantes do Concello acórdase incrementar o límite de renda previsto para o Concello de Cangas (300,00 €). Os representantes municipais consideran que o incremento da citada renda nun 15% (45,00 €), permitirá aumentar o número de vivendas que se incorporen ao citado programa debido ás características do Concello de Cangas como concello turístico.

Deste xeito, a renda máxima das vivendas incorporadas a este programa para o Concello de Cangas queda fixada en trescentos corenta e cinco euros (345,00 €).

Tendo en conta o anterior e unha vez analizado o contido das bases reguladoras deste programa para o Concello de Cangas, os comparecentes acordan por unanimidade a aprobación definitiva das citadas bases, que se incorporan a esta acta, achegada dos seus tres correspondentes anexos.



**Concello de Cangas**

### **3.- Rolda de intervencións**

Polo director técnico de Fomento se lles indica que, unha vez lle sexa remitida esta acta coa súa documentación ao Concello de Cangas, deberá remitir ao IGVS o texto que finalmente aprobe o correspondente órgano municipal. Non se producen mais intervencións.

Finalmente, sen mais asuntos que tratar, finaliza a reunión, sendo as 12:00 horas.

### **C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850